



*Loeblyn Bell*

# BIRAVXS

## *Jocelyn Bell* (1943)

En 1968, a prestixiosa revista *Nature* publicou un artigo que informaba sobre a medición dunha radiación moi particular proveniente do espazo estelar. Inicialmente pensouse que era vida intelixente extraterrestre, pero finalmente concluíuse que era un púlsar, unha estrela de neutróns que xira sobre si mesma. Tras publicar este artigo, os medios de comunicación do mundo apresuráronse a considerar ese fenómeno como o descubrimento do ano. Non obstante, houbo un elemento que acaparou a atención dos medios: o feito de que unha moza moi nova, estudante de doutoramento, fose quen realizara este achado. Era Susan Jocelyn Bell Burnell, nada en Belfast no ano 1943 e que pasou a súa infancia rodeada de libros de astronomía. A súa tese de doutoramento trata sobre este descubrimento, pero foi o seu director de tese, Antony Hewish, quen foi galardoado co premio Nobel de Astrofísica, en 1974, pese a que esta fabulosa observación a realizou Jocellyn Bell; manualmente elaborou un radiotelescopio para obter esta imaxe. Ela non foi distinguida xunto a eles, feito que produciu moita decepción na comunidade científica, e é ata hoxe un tema de gran controversia. O seu coñecemento tan profundo sobre a física do universo e o seu entusiasmo contagioso detívose desgraciadamente ao casar, pois abandonou a primeira liña de investigación.

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo